



ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2017/11	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	6 de xullo de 2017
Duración	Desde as 21:43 ata as 23:31 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
Secretario	LUCIA ARTIME ALONSO

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
52470281J	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
52472017R	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
35436150G	ANA MARIA ASOREY BREA	SÍ
44827857Y	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
44843918J	EDUARDO JOSE DAVILA RODRIGUEZ	SÍ
52472456A	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
76866604Y	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
52470095B	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
44089524L	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
52471166R	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
76796340F	MANUEL FERNANDEZ CERDEIRA	SÍ
76868700D	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
35455186L	MARIA MONTESERRAT MACEIRAS VICENTE	SÍ
76871181Y	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ

Concello da Estrada



35440840W	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
52472335C	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
76859732B	NEMESIO REY PAZOS	SÍ
44091955N	ROMAN SUÁREZ PORTO	SÍ
44092708Y	SILVIA NEIRA IGLESIAS	SÍ
76860863S	XOSE MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
76865922Z	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Dada conta da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o 22 de xuño de 2017, apróbase por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

Expediente 1706/2017. DECRETOS DA ALCALDÍA MES DE MAIO 2017

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre o 2 e o 31 de maio de 2017 (ambos os dous incluídos), e que van dende o nº 397/2017 ao nº 516 bis/2017 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Á pregunta do Sr. Alcalde sobre se alguén dos presentes ten unha moción de urxencia para presenta fóra desta Orde do Día, pide a palabra o Concelleiro de Persoal, **D. Alberto Blanco Carracedo**, para dicir que o grupo popular si ten unha moción de urxencia (que presenta de forma oral e sen ningunha documentación) en relación coa incompatibilidade do Traballador de Protección Civil D. Carlos Failde.

Concello da Estrada



O Sr. Alcalde-Presidente considera que se trata dunha cuestión urxente e, ademais, é unha maneira de dar cumprimento ao que moitas forzas políticas pedían en relación á transparencia e debate público, sendo estas as razóns polo que o seu grupo de goberno propón a votación da urxencia para someter a debate nesta sesión plenaria o asunto da incompatibilidade do Sr. Failde.

En función da urxencia, outórgase a palabra á voceira do PSdeG-PSOE, **Dña. Belén Louzao**, quen manifesta que, ao abeiro do disposto na Lei, para traer un asunto fóra da Orde do Día por urxencia é necesario analizar a súa legalidade e dar transparencia e participación ao resto das formacións e, neste caso, hai supostos e hai asuntos legais que non foron analizados e, ademais, non se dá transparencia, xa que foi entregado media hora antes un informe e, evidentemente, a oposición non tivo tempo para estudalo. Polo anterior, di que se o grupo de goberno considera que este é o xeito chapuceiro para levar adiante e sacarse de enriba este asunto resolvéndoo coa súa maioría absoluta, entón o seu grupo político non comparte a urxencia por mor de que o fondo do asunto está sen analizar, quedando moitas preguntas no aire, de feito o Sr. Alcalde intentou dar unha versión fai un momento na que se deixan moitos dos asuntos que afectan a esta situación sen analizar e sobre os que habería que pedir informe aos técnicos xurídicos deste Concello e, polo tanto, non van a apoiar a urxencia desta moción porque é un tema que non foi analizado como para poder ser dirimido e tomar unha resolución ao efecto.

O Sr. Alcalde di que lle sorprende o manifestado pola Sra. Louzao xa que o seu grupo pedía a este goberno que dese explicacións públicas con respecto a este tema e, sen embargo, agora que se accede a elo tampouco lles vale, polo que dese deixa claro cal é a motivación que hai detrás. Aclara que se este tema non está debatido foi porque a oposición na Comisión Informativa declinaron intervir e preguntar, lembrando que, como Alcalde, púxose a disposición para dar resposta a aquelas cuestións que consideraran oportunas, sen embargo non se manifestaron ao respecto, polo que agora atópase desconcertado pola intervención da Sra. Louzao cando di que non lle parece importante nin urxente o debate desta cuestión nesta sesión plenaria, sobre todo cando entendía que se contaría co apoio de todas as formacións políticas no desenvolvemento deste debate.

Así mesmo, traslada que non existe máis información da que se lles facilitou e, polo que saíu publicado nos medios, deduce que tiñan máis información que o goberno o cal tamén deixa ben as claras cal é a motivación de todo este asunto. Di que, agora que o grupo de goberno se puxo ao día neste asunto e xa recopilou a información necesaria, considera que é o momento para debater o tema e dar resposta as preguntas que se formulen sobre o proceder deste goberno, considerando que legalmente a oposición ten o necesario para que, con total seguridade, emprender un debate razoable.

A Sra. Belén Louzao responde que unha moción de urxencia ten que reunir uns requisitos, sendo o seu obxectivo unha resolución, e senón é así que se busque o asesoramento da Sra. Secretaria, polo que pregunta cal é a resolución que se pretende aprobar neste asunto.

O Sr. Alcalde responde que non falou dunha moción senón de incorporar fóra da Orde do Día a cuestión sobre a incompatibilidade do traballador D. Carlos Failde, polo que é unha dación de conta, pois non vai haber votación sobre esta cuestión, tan só vaise a debater.

A Sra. Louzao di que, en caso de tratarse dunha dación de conta, entón estarían de acordo.

Intervén a voceira do grupo municipal de MÓVETE, **Dña. Mar Blanco**, quen di que dende o día 27 de xuño ven pedindo información e documentación sobre este



tema, data na que saíu á luz a través dun xornal dixital o caso Failde e as adxudicacións e o lucro que parece que está a recibir dito traballador por parte da Xunta de Galicia, preguntando ese mesmo día publicamente se tamén o Concello tiña negocios coas empresas relacionadas con Carlos Failde, non habendo resposta por parte do Goberno ata o día de hoxe, nin sequera na Comisión que acabamos de ter, lembrado que o goberno tivo máis de dez días para convocar unha Comisión para tratar este asunto ou moción, pero non o fixo. Reitera que se acaba de celebrar unha Comisión que empezou cerca das nove da noite e non era cuestión de entrar en debate alí, sobre todo tendo en conta que se lles facilitou un informe nese preciso momento imposibilitando a súa lectura e estudo; ademais, non se informou á oposición de que había unha moción do grupo de goberno que se tiña enriba da mesa para presentar, polo tanto, non é de recibo que agora se pretenda tomar partido de algo que nin sequera se sabe de que vai. Polo anterior, di que o seu grupo si quere falar igual que o resto do grupos políticos para clarificar todo o que se poida sobre este asunto pero cre que hai que facelo dunha maneira sosegada e a través dunha comisión de investigación; tamén di que hai moita información que se necesita saber e que o Concello debe de ter e se non a ten debe de dar explicacións de por que non a ten. Finalmente, di que, en calquera caso, se hai algo máis que non se dixo na Comisión por parte do Sr. Alcalde pois están aquí para escoitalo.

O Sr. Alcalde responde ante a anterior intervención que a oposición non é a única que vai a levar a iniciativa, xa que o goberno tamén ten capacidade para tomar decisións e levar a iniciativa. Neste caso en concreto, como non o quixeron entender a través dos medios de comunicación que o goberno daría as explicacións oportunas en tempo e forma e no formato que eles entenden que hai que dala, pois aquí se presenta agora para dar a cara. Di que a información que hai e a que ten a oposición e non hai máis e, ademais, na Comisión Informativa púxose á enteira disposición para que lle puidesen facer as preguntas que quixeran e non lle fixeron ningunha. Remata dicindo que a oposición deste Concello lles encanta o circo e o seu grupo de goberno non se va a prestar a elo.

Interrompe o voceiro do grupo do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, para unha cuestión de orde, preguntando que se está a tratar neste momento, ¿unha moción de urxencia?, ¿Dación de conta dunha situación?, ¿Do sexo dos anxos?, ¿Aprobación dunha compatibilidade de xeito extemporáneo?....

Resposta o **Sr. Alcalde** que se vai a debater o expediente administrativo de D. Carlos Failde e non vai a haber ningunha resolución ao respecto.

O Sr. Magariños di que lle parece moi ben que se traia ao Pleno este asunto sobre información pública da situación do nomeado traballador.

Sometida a votación a urxencia, é aprobada por unanimidade.

Inicia o debate o **Sr. Alcalde** comunicando que hoxe celebre unha Mesa con todos os sindicatos e os representantes dos traballadores e, posteriormente, tamén participou na correspondente Comisión Informativa, polo que pide que se lle permita facer a exposición ou explicar o fondo do asunto que se somete a debate, en calidade de máximo responsable en materia de persoal.

Comeza dicindo que na reunión que tivo representantes sindicais se falou deste asunto e tamén doutros de interese para os traballadores como pode ser a RPT e a produtividade; sen embargo o asunto que se tratou con máis preocupación e profundidade foi a polémica creada sobre a compatibilidade do traballador D. Carlos Failde, interpretando que o que lle preocupa aos sindicatos era a posible ausencia deste empregado público nas súas funcións como operario de Protección Civil nos cuadrantes e na actividade diaria deste servizo, e para xustificar e dar



resposta a estas inquiredanzas, se acordou aportarlles toda a documentación nos próximos días, en aras da transparencia; entre dita documentación consta o Decreto da Alcaldía ditado en xuño de 2011 para resolver unha situación complicada derivada do aumento dos compoñentes de Protección Civil o que produxo un aumento nas capacidades organizativas importantes, porque o que empezou como un grupo de voluntarios de protección civil pasou a ser un grupo municipal, incorporando máis tarde un grupo de emerxencia supramunicipal e os operativos de incendios que nas temporadas de verán son 33 persoas as que hai que coordinar; como consecuencia do anterior necesitábase unha persoa que coordinase estes servizos e que ademais fixese un seguimento e control en temas como a xustificación das subvencións concedidas para este colectivo, todo elo sen esquecer que dita persoa debería estar localizable a todas as horas do día e durante os 365 días do ano. A todo o anterior engade que non se pode esquecer que, ademais de prestar un servizo fundamental para os nosos cidadáns, tamén o presta a outros 7 concellos da nosa comarca, o que se traduce nun dos servizos que máis transcendencia ten na xestión diaria do noso pobo.

Ante o manifestado, o grupo de goberno entendeu que a persoa que reunía os requisitos necesarios para asumir as funcións de Coordinador era D. Carlos Failde, sen que dito nomeamento supuxera ningún incremento salarial e, debido a que se lle cargaba de funcións de maior responsabilidade sen maior retribución, entendeuse que había que limitar a súa presenza no servizo de 24 horas para poder adicarse integramente a este servizo. Continúa dicindo que o traballo que está a facer Protección Civil e o grupo de emerxencias supramunicipal é extraordinario, que é un grupo recoñecido e valorado a nivel autonómico e a nivel nacional e, parte deste traballo satisfactorio débese ao bo facer e á dedicación do Sr. Failde en calidade de Coordinador.

Polo dito no parágrafo anterior, o Sr. Alcalde xustifica o manifestado con anterioridade sobre que non podía cesar a alguén cando non ocupaba ningún cargo, e esa é a realidade, pois o cargo de Xefe de Protección Civil non existe no cuadrante, na RPT, no Cadro de Persoal, nin nos Orzamentos, polo tanto non pode cesar a ninguén que non está desempeñando ningún cargo e que ademais non é remunerado, tan só se lle deron ao mencionado traballador unha serie de responsabilidades a maiores sen aumento de soldo nin compensación económico algunha; polo que cando os partidos políticos da oposición, sen ter información suficiente, pediron ó día seguinte de publicarse a noticia o cese e dimisión do responsable e coordinador de Protección Civil, deixaron claro cal é a estratexia que hai detrás de todo isto, unha cacería política; comprendendo que a oposición ten moito tempo de enredar pero o grupo de goberno ten que gobernar e con pouco tempo para enredar, xa que na actualidade o goberno ten moitos proxectos para sacar adiante no pouco tempo que lle queda para gobernar (pasa a detallar todos os proxectos en marcha).

Interrompe o **Sr. Xosé Magariños** para pedirlle que se centre e limite ao tema do debate e se deixe de tanto discurso, porque xa non sabe cal é o obxecto desta intervención e debate.

O Alcalde dille ao Sr. Magariños que non se poña nervioso xa que están nun debate plenario.

Continuando coa súa intervención e, centrándose no tema da incompatibilidade do Sr. Failde, di que este traballador desempeña unhas funcións no ámbito público, pero alguén parte da base de que esas funcións que desempeña no ámbito público son incompatibles con outros que realiza no ámbito privado e non sabe en base a que, e para aclarar este asunto o grupo de goberno falou coa Sra. Secretaria municipal pedíndolle que emitira un informe ao respecto, a cal, reunindo toda a documentación necesaria redacta dito documento aos efectos de coñecemento do Pleno e do cal teñen copia todos os partidos da oposición, onde analiza a situación deste traballador e todas aquelas cuestións que poden xerar



certo debate. En base a ese informe di que a compatibilidade existe aínda que non está recoñecida polo Pleno pero si existe por silencio administrativo; en todo caso, se o Concello houbera contestado ese escrito ao traballador tíñase que lle dar a respectiva autorización, xa que existiría compatibilidade entre o seu posto de traballo coa actividade privada que se solicitaba, e así se reflexa no devandito informe. Unha segunda cuestión é se esa compatibilidade da capacidade para contratar, e a contestación é si, sempre que se cumpran os requisitos e os cales se cumprían, aclarando que D. Carlos Failde nunca facturou a este Concello, senón que hai unha empresa denominada Ricarsat S.L., que é prestadora de servizos públicos dende fai moitos anos, incluso cando estaba o bipartito, e que tamén lle facturou ao bipartito e que sempre, gobernase quen gobernase, era un apoio en temas tecnolóxicos e facían ben o seu traballo; así que quen factura é Ricarsat non Carlos Failde e non se pode mesturar.

Explica que a Sra. Secretaria á hora de elaborar o seu informe pediu diversa documentación ao Sr. Failde, da que se desprende que o interesado que tiña unha pequena porcentaxe de participación, o cal é legal, compatible e pode ter capacidade para facturar a esta administración ou a calquera outra; sen embargo, a partires do ano 2014 cambia a súa situación porque se fixo coa participación de toda a empresa e entón é cando deixa de contratar con esta administración ao deixarse de cumprir cos requisitos necesarios para a súa compatibilidade, é dicir, o Sr. Failde segue gozando da compatibilidade sempre e cando non facture servizos ou subministros ao Concello, o cal se cumpriu, aínda que lembra que no ano 2014 houbo factura da dita empresa por reparacións, pero nese momento descoñecía a situación existente.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que non pode haber máis transparencia ca que o Alcalde ordene á Secretaria municipal que faga unhas dilixencias previas sobre unha actuación determinada e, ante o informe que se emita, o seu grupo adaptarase ao que realmente transcenda de aí, ou sexa, se de esas dilixencias previas se dirime que poida haber algún tipo de responsabilidade ou cuestión que requira algo máis de profundidade, entón o informe da Secretaría concluírá con que se abra un expediente informativo, que en ningún caso será un xuízo sumarísimo dos políticos, senón seguido o procedemento administrativo.

Finaliza trasladando aos membros presentes que, a día de hoxe, teñen toda a información no seu poder, pregándolle que estuden que lean o informe da Sra. Secretaria e se informen en materia de lexislación xurisprudencia, pedindo que valoren o que realmente é importante para adicarse e en beneficio dos cidadáns e non en cuestións como esta que ao final non é máis que un circo e que pon obstáculos a que o goberno continúe coa tramitación doutras cuestións máis importantes.

Intervén a **Sra. Belén Louzao** agradecendo, en primeiro lugar, ao Sr. Alcalde que rematase a súa dación de contas e, en segundo lugar, pídlle que cese nas súas actividades ao Sr. Failde como Coordinador dos servizos de Protección Civil ao estar comprometida a súa imparcialidade e a súa independencia ao facer estas funcións á vista de intereses privados.

Así mesmo di que lle parece moi ben que diga o Sr. alcalde que se adica a gobernar, sen embargo parece que se adica a desviar a atención e o foco, porque días atrás declarou na prensa que non o podía cesar porque non estaba nomeado e, sen embargo, hai un Decreto asinado por él mesmo o 13 de xuño nomeando ao Sr. Failde como Coordinador de Protección Civil, asinado antes de outorgarlle as responsabilidades aos seus concelleiros, polo que saberá cal é a urxencia e os favores que lle debía pagar ao Sr. Failde para ter que nomealo con tanta urxencia. Lembra tamén que o Sr. Alcalde di que os sindicatos non teñen razón, xa que non ten que figurar nos cuadrantes, información e datos que ela descoñece porque non ten información ao respecto por mor de que non tivo acceso ao expediente persoal nin tampouco a outros expedientes e que considera que hai que abrir e investigar, porque non se pode facer as cousas nin falar sen antes estudar e comprobar os



antecedentes, porque entón pasa o que pasa, como lle sucedeu ao Alcalde ao dicir que non había un Decreto de nomeamento deste traballador cando si o había, recordándolle que a oposición ten copia de todos aqueles Decretos dos que se da conta ao Pleno, polo que lle pregunta o por qué miente ao dicir que non o pode cesar porque non está nomeado e, sobre todo, cando o Alcalde é que referencia as actividades nas que día a día este traballador do concello da Estrada dispón o gasto do orzamento municipal, conforma facturas e da OK ao gasto como coordinador de protección civil, un gasto no que por outro lado empresas ás que está vinculado de xeito familiar e de xeito... (non sei se é xerente), pois este traballador conforma todas as facturas, autoriza gasto do Concello que vostede referencia porque vai asinado, conformado polo propio traballador as facturas de protección civil, sector no que ten intereses a nivel persoal, conformadas e autorizadas por vostede; polo anterior pide ao Alcalde que non desvíe a atención non é cuestión de si presentou un documento ou non, no que por certo o interesado solicitaba compatibilidade para 10 horas como comercial nesta empresa, e por esa causa o seu grupo político pide, como xa fixo no seu momento, a apertura dun expediente disciplinario posto que todo traballador está obrigado a informar das súas modificacións e non o fixo, polo tanto haberá que abrir un expediente disciplinario para ver se corresponde ou non tomar unha decisión ao respecto pero non desviemos a atención.

Continúa manifestando que este traballador ten intereses privados e contrata nese sector de actividade co Concello da Estrada, algo que vulnera claramente a Lei, a cal di que non pode contratar coa súa administración nin subcontratar, e sabemos que contrata (xa sendo dono da mesma, porque o propio traballador poñía nas redes sociais que no ano 2015 arranxa o coche da policía local algo que é incompatible coa legalidade de contratación), reiterando novamente que este traballador non pode contratar porque está facendo telecomunicacións e instalacións nestes vehículos que veñen para o Concello da Estrada.

Ante todo o anterior, a Sra. Louzao lembra que o Alcalde di que non hai que abrir unha comisión de investigación, entón pide que lle diga que tipo de expediente hai que iniciar, en todo caso o que si hai que facer é investigar se se está a vulnerar ou non a Lei.

Interrompe o **Sr. Alcalde** para preguntarlle á Sra. Louzao Interrompe á Sra. Louzao para preguntarlle pola factura á que fai referencia.

Responde a **Sra. Belén Louzao** que el mesmo aprobou dita factura na Xunta de Goberno Local, e que reflexa un gasto a favor dunha empresa local de A Estrada por un servizo ao Concello e que subcontratou o propio traballador a través da súa empresa, preguntando se este traballador informou ao Concello de que ía a facer esta subcontrata, sen esquecer que dito traballador tamén conforma facturas de empresas vinculadas a súa familia. Polo que considera que o Alcalde non estar a velar polos intereses dos estradenses ao autorizar a este traballador para que elabore as propostas de gastos, decida a quen se contrata, incluídas empresas vinculadas a súa familia.

Quere aclarar que non pon en dúbida a adicación e bo facer do Sr. Failde como Coordinador dos servizos de emerxencias, de feito síntese orgullosa do bo funcionamento dos servizos de protección civil, emerxencias, cans de rescate, etc, pero volve a insistir no dito en parágrafos anteriores no relativo á subcontrata, incompatibilidades, conformación de facturas, etc.

Finaliza pedindo ao Sr. Alcalde que non desvíe a atención e se centre, asumindo as súas responsabilidades e tome as decisións legais que procedan e así non malgastar os fondos públicos. Así mesmo pide o cese deste traballador nas súas funcións e se abra o respectivo expediente de investigación.

Á intervención anterior o **Sr. Alcalde** lle pide a Sra. Louzao que se lea a fondo o informe da Secretaría municipal e así poderá dar resposta a moitas dúbidas que ten, deixando claro que moitas das acusacións ditas na súa intervención son



totalmente falsas; entre outras cousas, cando se conforma unha factura tan só se está garantindo que o subministro ou traballo referido na mesma está realizado, non se está a ordenar o pagamento nin sequera se propón, polo que a acusación que se fai sobre o dito traballador é falsa. Finaliza reafirmando as declaracións realizadas na súa anterior intervención, tanto no nomeamento, funcións e retribucións do Sr. Failde, ademais de todas as explicacións realizadas na mesma. Acusa á Sra. Louzao de mentir e difamar ao afirmar que o Sr. Failde é que contrata e ordena o pagamento de facturas, e eso non é certo, xa que el, como coordinador dos servizos, conforma as facturas, é dicir, tan só garante que os servizos ou subministro incluídos nas facturas foron realmente prestados. Reitera que o nomeado traballador é coordinador, que ese posto non existe, que non cobra polas funcións que fai e, polo tanto, non hai que cesar a ninguén, explicando novamente o sinalado na súa anterior intervención.

Di que no referente ao tema do expediente disciplinario todos saben cal é o procedemento, aconsellando que lean o informe de Secretaría e, no caso de que crean que existe algún punto que hai que debater, se fará, deixando claro que o seu grupo de goberno quere dar transparencia neste tema.

Por outra banda, dirixíndose á Sra. Louzao, di que está moi perdida no tema da contratación, xa que hai unhas condicións en que un empregado público participando nunha sociedade pode contratar coa administración, lembrándolle que este tipo de situación tamén se deu cando gobernada o Partido Socialista, e non existindo compatibilidade. Pero, con respecto ao asunto do Sr. Failde, pídlle que lle dea a factura onde, presuntamente, se contratou coa empresa cando xa pertencía ao nomeado traballador, porque non ten constancia dese pagamento, e despois de comprobar dimite el ou dimite ela.

Aclara que **Sra. Louzao** que se mercou un vehículo a unha empresa que, á súa vez, contratou ao Sr. Failde para facer uns servizos no ámbito do seu sector, algo que dixo el mesmo, polo que se trata dunha subcontrata.

O **Sr. Alcalde** di que non consta que o Concello contratara o fixera algún pagamento á empresa dese traballador, retando á Sra. Louzao para que xustifique dita subcontrata documentalmente, ademais de afirmar que durante o seu goberno tamén se fixeron subcontratas a empresas de Concelleiras naquel momento.

Volvendo ao tema a tratar di que durante os anos 2015, 2016 e 2017 non existen ningún pagamento de facturas á devandita empresa, e no 2014 abonouse a cantidade de 3.700,00 € pola reparación de dous portátiles e doutros aparellos, polo que cre se trata dunha manobra do seu partido moi sucia.

Intervén novamente a **Sra. Mar Blanco** aclarando que este tema derivado dun ataque ao traballador pola súa militancia política e de amizade, senón que se trata dun asunto de corrupción de grado sistémico, por mor da noticia que saíu nun diario dixital sobre que un cargo do Partido Popular e traballador de Protección Civil lucrábase con determinadas adxudicacións, referíndose a D. Carlos Failde, o cal é Coordinador de Protección Civil e Servizo de Emerxencias, carto dentro do PP local e coñecido empresario, recibindo el e a súa familiar importantes beneficios derivados de contratacións do sector público municipal en material de protección civil, servizo de emerxencias, etc., polo que, obviamente, é normal que o “asunto Failde” tome tanta importancia e salte a alarma xeral e, consecuentemente, a oposición pida explicacións e documentación varia. Continúa dicindo que non se tiña coñecemento, ata de agora, que se estivesen pagamento facturas das dúas empresas relacionadas co dito traballador (Ricarsat e Emersafe), descoñecendo se existen facturas en anos anteriores, por ese motivo veu ao Concello para comprobalo, observando que durante a primeira lexislatura do actual grupo de goberno houbo pagamento de facturas das ditas empresas (estando o Sr. Failde como coordinador de Protección Civil e Emerxencias), destacando da dita consulta que no ano 2011 adxudicou a favor de Ricarsat.....



Interrompe o **Sr. Alcalde** preguntando por que vai a anos tan anteriores

A **Sra. Mar Blanco** di que por ese motivo pide unha comisión de investigación, aínda que asume que non tivo tempo para ler o informe da Secretaría.

O **Sr. Alcalde** resposta que están a cometer moito erros neste tema, o primeiro deles é falar antes de saber, segundo, é criticar a unha persoa de forma directa e encarnizada e, terceiro, e continuar debatendo un tema sen ter información, nin sequera ler aquela que se lles facilita. Polo que pide un pouco máis de rigor neste tema e non perverter este asunto.

A **Sra. Mar Blanco** aclara que o seu grupo o que quere é información, estando cansada de pedila, xa que hai moitas cousas que descoñece, sendo a única información que tiña (antes da entrega do informe hoxe) é a facilitada polo departamento de Intervención e que quere destacar: no ano 2011 o Concello adjudicou a Ricarsat varios contratos con informe desfavorable da Intervención municipal por fraccionamento do obxecto do contrato, e que contemplaban a unha web para o Novo Mercado por importe de seis mil oitocentos e pico euros; adjudicación dun curso de aplicacións informáticas por importe, en principio, de cinco mil trescentos e pico euros e que, posteriormente, se foron engadindo novas facturas relacionadas con material para dito curso, chegando a superar os trinta mil euros; neste mesmo anos hai diversas facturas de material de incendios, para a Policía Local, tinta para impresoras, etc. No ano 2013 o Concello pagou a favor de Ricarsat un total de 46.597,77 € por colocación de repetidores para equipos móbiles e material de alumado público (entre outras facturas); e o importe aboado a Emersafe foi a máis de 6.600,00 € pola merca de material de rescate. No ano 2014 a contía pagada a Ricarsat foi de 7.742,31 € en concepto de servizos prestados a Protección Civil. No ano 2015 pagouse a Emersafe 2.881,00 € por arranxos de vehículos de incendios e iluminación do campo de fútbol.

A continuación pasa a ler o disposto no o artigo 11 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades de persoal ao servizo das Administracións Públicas, concluíndo que, en base ao dito artigo, o traballador Failde estaría a vulnerar a normativa vixente en materia de compatibilidade, obtendo beneficios a través das dúas mencionadas empresas, sen esquecer a vinculación política e de amizade que o une ao actual grupo de goberno, polo que reitera a súa petición da creación dunha comisión de investigación para clarificar o tema que se está a debater.

Por outra banda di que outra cuestión que hai que ter en conta neste asunto é a Lei de Contratos.

Tamén pregunta cal é a relación da Fundación Cultural coas devanditas empresas, xa que dita Fundación está vinculada ao Concello e lle consta que tamén factura as empresas do Sr. Failde.

No relativo á situación laboral do reiterado traballador di que hai cuestións que non ten claras, por un lado non entende porque o Sr. Alcalde di que non o pode cesar (se hai nomeamento entende que pode haber cese), preguntando o por que non se lle facilitou esa información aos sindicatos. Pregunta se o Decreto de nomeamento tiña que pasar por Mesa de Negociación, pedindo que esa información debe de dala a Secretaría municipal....

O **Sr. Alcalde** responde que se trata dun Decreto de organización interna de competencia do Alcalde, o cal consta no expediente da Comisión e despois, de aclarar detalles sobre este documento, comprométese a darlle unha copia do mesmo.

A **Sra. Mar Blanco** continúa dicindo que non está claro que o traballador

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



pedira a compatibilidade no ano 2013 e non se respondera.....

O Alcalde lle pide que por favor lea o informe da Sra. Secretaria, porque está a preguntar cousas que están recollidas en dito documento.

A **Sra. Mar Blanco** di que, de todos xeitos, no nomeado Decreto non veñen especificadas as funcións que se lle atribúen ao Sr. Failde como coordinador, porque entende que ao seu posto de operario de Protección Civil non asiste dende fai dez ano, polo que non ten claro as súas funcións e cal é a súa xornada laboral e onde está ubicado o seu posto de traballo

Resposta o **Sr. Alcalde** que as súas funcións son as que el lle atribúe

A **Sra. Mar Blanco** pide que lle gustaría ter acceso ao informe de produtividade, para saber o por que este traballador sexa o laboral que máis cobra. Ademais non sabe se é correcto que estea cobrando como operario cando realiza funcións de coordinador, porque entón poderíamos estar ante unha situación de explotación laboral.

Finalmente fai un resume do manifestado nas súas anteriores intervencións, rematando que é responsabilidade desta administración aclarar esta situación mediante a creación dunha comisión de investigación.

O **Sr. Alcalde** non entende que a oposición non haxa recorrido o Decreto de nomeamento de D. Carlos Failde como coordinador de protección civil, cando observa que tan claro teñen todo, ou ben non recorreu tampouco algún sindicato, cando se trata dun documento público. Volve a repetir que a oposición está a falar cunha dobre linguaxe facendo parecer as cousas como non son, acusando ao Sr. Failde de cousas que tampouco son, neste caso reitera a explicación da situación de Failde dentro do Concello así como outras explicacións dadas con anterioridade en parágrafos anteriores. Pide novamente á Sra. Blanco que lea o informe da Secretaría, porque nel hai resposta a case todos os planteamentos e preguntas feitas durante a súa intervención.

Tamén reitera que a empresa Ricarsat non tiña ningunha prohibición para contratar con esta administración con anterioridade á que o Sr. Failde formase parte dela; sinalando que os datos datos pola Sra. Mar Blanco con respecto á facturación no ano 2014 non é certa, xa que facturou 3.700,00 € euros e non os sete mil e pico que ela di. O problema sería que ditas facturacións se produciran despois de haberlle aceptado a compatibilidade, porque recorda que se lle otorgou por silencio administrativo ao cumprir cos requisitos para que lle fora concedida. Non entende onde está o problema, xa que temos a compatibilidade, temos a capacidade de contratación (non de Carlos Failde, senón cunha empresa que non estaba incurso en ningunha causa que impedira contratar con ela).

En relación ao fraccionamento dos contratos, di que discrepa moito co criterio da Interventora municipal, xa que ela entende que unha empresa por acumulación de contratos en diferentes sectores é motivo de reparos, e, aínda que non comparte ese planteamento, non lle queda outra que aceptar e resolver a dinámica do día a día. Pero quere que quede claro que non é unha decisión do grupo de goberno en fraccionar o contrato para cambiar o obxecto do contrato e adjudicarlle a unha empresa, e iso non é verdade, senón que se trata de resolver unha situación dada polo criterio da Intervención municipal.

Finalmente pide que se lea o informa da Secretaría municipal e se estude detenidamente a documentación do expediente antes de verter acusacións que teñen un fondo político, e traslada a súa vontade de dar explicacións a todas aquelas dúbidas que teñan, deixando clara a postura do seu grupo de defender aos traballadores deste Concello, reiterando novamente o manifestado nas súas intervencións anteriores.



Intervén o **Sr. Xosé Magariños** para dicir que unha das cousas que lle queda clara despois das anteriores intervencións é que a culpa é do bipartito e da oposición por non alegar. Di que aquí se está a falar da transparencia do goberno nas súas actuacións de cara á opinión pública, e falar de transparencia cando se alega un informe emitido pola Secretaría municipal nunha Providencia de 6 de xullo (hoxe) non se entende. Di que a cuestión non é que un traballador faga ou deixe de facer, senón que a cuestión é que hai un responsable político (o Alcalde) que nomea a un traballador Coordinador duns servizos cunha serie de funcións que implican responsabilidades dentro de Protección Civil, entre elas decidir cales son as necesidades dese servizo. Por outra banda, no informe de Secretaría se reflexa o obxecto social da empresa Ricarsat, onde se observa que é perfectamente compatible, sen embargo se se abre a páxina web desta empresa se pode ler “transformación de vehículos para a seguridade” e unha foto de Protección Civil, o que lle fai preguntarse se a compatibilidade está aí ou non, pode ser compatible, pero ético non, xa que hai un responsable político que nomea a un traballador sabendo as labores que desempeñaba ese traballador no seu ámbito privado, ou sexa, legal pode ser (un xuíz é quen o debe dicir), pero ético non, precisamente cualidade que se lles pide aos políticos á hora de actuar.

Reitera que non se trata de se un traballador poida ou non desempeñar unhas funcións determinadas compatibles co seu traballo, senón de gozar dunhas responsabilidades de decisión dun sector público.

Polo anterior pide unha comisión de investigación por ser necesario profundar máis neste tema, facendo fincapé en que non se trata do “Caso Failde”, senón o caso de “Responsable político” e que é o Alcalde, pedindo que non se desvíe o asunto a un traballador, de todos xeitos di que será mellor estudar o informe con profundidade, xa que aínda se lles entregou hoxe.

O Alcalde di que o informe se lle solicitou á Sra. Secretaría o luns pasado pero non o entregou ata hoxe, porque teñen todos que entender que se trata dun documento que para a súa redacción se require tempo.

Continua o **Sr. Magariños** dicindo que unha cousa é o informe que elabora a Sra. Secretaría ao abeiro de datos legais e outra cuestión é as responsabilidades políticas quen nomea a unha determinada persoa cunhas responsabilidades determinadas sabendo cal é o traballo que desempeña no ámbito privado. Considera que, polo anterior, non cabe outra que o cese ou restituírlle as funcións básicas do seu posto de traballo anterior, porque, como dixo anteriormente, pode ser legal, pero politicamente ético non o é. Polo anterior pide ao Sr. Alcalde que asuma as súas responsabilidades políticas neste asunto.

O Sr. Alcalde respóndelle ao Sr. Magariños dicíndolle que a súa intervención carece de argumentos, reiterando unha vez máis que se lean todos o informe de Secretaría e despois estará encantado de volver a tratar este asunto, volvendo a argumentar o dito nas súas intervencións anteriores.

No referencia á ética di que o seu partido político se diferencia en moitas cousas con respecto aos outros e que queda constancia na soberanía popular, porque o BNG poderá ser moi ético e coherente pero a soberanía popular non o vota.

Volve a explicar a situación do Sr. Failde (xa transcrita en intervencións anteriores).

Di que, en canto á transparencia, non hai nada que reprochar a este grupo de goberno, exemplo é este debate sen límite de tempo, e tamén o inicio do procedemento para a elaboración do novo Regulamento de Transparencia, é máis, di que xa está implantada a administración electrónica, sendo o seguinte paso a posta en funcionamento do Portal de Transparencia.

Para finalizar, dirixíndose á oposición, di que se, unha vez estudado o informe de Secretaría e demais documentación, queren volver a debater este asunto non



hai problema para elo, convocándose unha Comisión Informativa por tal motivo.

A **Sra. Belén Louzao** pregunta se o nomeado informe analiza nalgún momento a legalidade de que empresas dun traballador municipal ou dun familiar deste vendan material ao Concello de A Estrada, en caso negativo pide que se faga un informe ao respecto.

O **Sr. Alcalde** responde que no informe, na parte de conclusións, recolle claramente as conclusións que debe de reunir unha persoa para poder contratar, polo que hai que estudar e valorar se neste caso se cumpren ou non, pero non se fala expresamente do caso que se está a debater, senón de maneira xenérica.

A **Sra. Belén Louzao** pide que conste en acta a petición de informe á Sra. Secretaría sobre a legalidade de que empresas dun traballador municipal ou dun familiar deste vendan material ao Concello de A Estrada ou sexan obxecto de contratacións de servizos ou subministros.

O **Sr. Alcalde** reitera que a partires do ano 2014 a nomeada empresa (Ricarsat) perde a capacidade para poder contratar co noso Concello, o cal queda moi claro no devandito informe, polo que a partires de ese ano esa empresa deixa de facturar.

Intervén o voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, felicitando ao Sr. Alcalde pola lección de funambulismo que acaba de mostrar, admirando a súa capacidade para desenvolverse, sobre todo en política, porque non asume a súas responsabilidades políticas, sen embargo, exerce moi ben como político.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Toma a palabra a **Sra. Mar Blanco** (voceira de MÓVETE) para dicir que gracias ao anterior debate houbo contido nesta sesión, xa que o grupo de goberno non parece ter moito que aprobar a pesares da boa xestión que di ter, a pesares das diversas iniciativas da oposición, non saben porque non e traen as mocións presentadas nos últimos meses. Polo dito pide que, dunha vez por todas, se teñan en conta as mesmas e se traian ao Pleno ou se leven ás Comisións Informativas que correspondan.

Intervén o voceiro de BNG, **Sr. Xosé Magariños**, agradecéndolle en primeiro lugar ao Concelleiro de Medio Ambiente por non incorporar a moción presentada anteriormente e esperar a que se incorporara para poder tratala.

En segundo lugar di que trae a esta sesión algúns rogos e tamén preguntas:

a) Solicita que se lle facilite copias das facturas presentadas polas empresas Ricarsat e Emersef nos últimos 12 anos .

b) Lle gustaría saber en base a que o Sr. Failde ostenta a representación de Protección Civil nos actos oficiais, se se trata dunha das encomendas que se lle asignou polo reiterado Decreto da Alcaldía.

c) Pide que se proceda á reestruturación do servizo de Protección Civil .

d) Prega que se inste ás administracións correspondentes para que se cumpra o acordo plenario relativo á mantemento e conservación das estradas dentro do noso municipio.

e) Prega tamén que se limpen os contedores de lixo, sobre todo tendo en conta que hai certos establecementos de hostalería que verten residuos



inadecuadamente..

Antes de finalización a sesión o **Sr. Alcalde-Presidente**, dentro do Regulamento de Participación Cidadán, pregunta se hai algunha persoa entre o público asistente que queira intervir, previa identificación do DNI.

Non habiéndose máis intervencións por parte dos Concelleiros e ningunha do público asistente, levántase a sesión ás vinte e tres horas trinta e un minutos.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233